



Moción do BNG AA de Pantón para modificación ou dotación de crédito dos Orzamentos do Concello de Pantón para o abastecemento de auga ás parroquias de Santo Estevo do Mato, San Vicente e Santiago de Castellón

D^a ROSA ANA PRIETO FLORINES, en calidade de Voceira do BNG AA no Concello de Pantón por medio do presente escrito presenta Co obxectivo de levar ao próximo Pleno da Corporación Municipal de Pantón, e incluílo na orde do día

EXPÓN:

Primeiro.- Que no Pleno Municipal celebrado en marzo do 2017 neste Concello foi aprobada por unanimidade unha moción do BNG AA relativa á redacción dun proxecto e a súa execución a fin de que nas parroquias de Santo Estevo do Mato, San Vicente e Santiago de Castellón que non contan cun servizo de augas que garanta o mínimo de saúde pública acabe tendo ese servizo mínimo garantido.

Segunda.- Ante o incumprimento durante máis dun ano do Alcalde e o goberno do Concello do acordo plenario aprobado e a súa inactividade ao respecto de garantir o servizo de auga as parroquias esta Concelleira, con data de 15 de marzo de 2018, interpuxo queixa ante a valedora do Pobo que foi cursada con número de expediente N.7.Q/949/18.

Terceira.- A resposta do Alcalde ante o requirimento da Valedora do Pobo respecto da queixa presentada foi que *...”a corporación municipal o vai levar a cabo seguindo unha orde de prioridades que temos establecido en función da dispoñibilidade orzamentaria”*

Cuarta.- O grupo municipal do BNG AA considera prioritario e urxente dotar dun servizo mínimo indispensable como é a auga á veciñanza do Concello e en particular a das parroquias anteditas de Santiago e San Vicente de Castellón e Santo Estevo do Mato.

Quinto.- No último Pleno Ordinario do Concello, en maio 2018, o Sr. Alcalde aceptou a existencia dun expediente enviado á Valedora do Pobo, que non existe tal e como recoñece na resposta do Concello de Pantón a esta institución, polo que esta alegación supón unha oportunidade para cumprir a palabra dada, tal e como deberá figurar na acta plenaria dese día.

Polo exposto,

SOLICITO que se teña en conta esta moción, e en base ao mesmo se proceda a liberar de forma urxente crédito suficiente habilitando a tal fin unha partida orzamentaria para levar a cabo as actuacións necesarias que abastezan de servizos básicos de auga as parroquias do Concello anteditas.

En Castellón, a Martes 10 de xullo do 2018.

Rosa Ana Prieto Florines

Asdo: Rosa Ana Prieto Florines

Voceira Municipal do grupo BNG-AA de Pantón.

Ao coidado do Sr. Alcalde /Presidente co Concello de Pantón D. José Luis Álvarez Blanco